



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 11 72 98

## ACTA DO FALLO EMITIDO POLO XURADO NO CONCURSO DE DECORACIÓN 'NADAL NA RÚA 2021'.

Na Oficina de Turismo do Concello de Padrón, sendo as catorce horas do día dezasete de decembro de dous mil vinte e un, asisten Lorena Couso Dopazo, concelleira de Turismo, María Castelao Fraga, experta en deseño e publicidade Minia del Río Arca, xestora de proxectos turísticos, José Ramón Rey Otero, arquitecto da oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, como parte integrante do xurado e Alberto Rey Castro, técnico de turismo como secretario do acto, co obxecto de proceder ao fallo do Concurso de decoración 'Nadal na rúa 2021' celebrado no Concello de Padrón do 10 de decembro de 2021 ao 7 de xaneiro de 2022.

As persoas integrantes do xurado outorgaron os premios segundo a valoración que fixeron cos seguintes criterios: orixinalidade/creatividade na ornamentación (ata cinco puntos), inclusión de elementos de identidade local (ata cinco puntos) e emprego de materiais de refugallo ou eco-sostibles (ata cinco puntos).

Os premios quedan da seguinte forma:

- Na categoría de **empresas**, o establecemento gañador foi Xoguetería Tatino cun premio de 400€.
- Na categoría de **decoración en casa** (particulares) a persoa participante gañadora foi Manuel Turnes Oliveira cun premio de 250€.
- Na categoría de **decoración en piso** (particulares) a persoa participante gañadora foi Claudia Franco Cardama cun premio de 150€.
- Na categoría de **decoración realizada por asociacións se ánimo de lucro, colectivos, entidades culturais ou centros educativos** a entidade gañadora foi a EEI da Escravidude cun premio de 200€.

Segundo as bases do concurso as contías dos premios serán consumidas no comercio e hostalaría local. As persoas gañadoras terán ata o 30 de xaneiro de 2022 para realizar o gasto e presentar os recibos das súas compras na Oficina de Turismo

Non sendo outro o obxecto do presente acto, dase por rematado o mesmo, de todo o cal, como secretario, dou fe.

O Secretario,

Asdo. Alberto Rey Castro

A concelleira de Turismo,

Asdo. Lorena Couso Dopazo

Xurado,

Asdo. Minia del Río Arca

Xurado,

Asdo. María Castelao Fraga

Xurado,

Asdo. José Ramón Rey Otero